



## **M<sup>a</sup> TERESA BARGE BELLO, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE A BOLA (OURENSE)**

### **INFORMA**

Que a Xunta de Galicia ( Consellería do Medio Rural), establece as bases reguladoras para a concesión de indemnización polo sacrificio obrigatorio de animais en execución de programas e actuación oficiais de vixiancia, loita , control e erradicación das súas enfermidades( código do procedemento MR553C).

#### **Persoas beneficiarias**

- Persoas , físicas ou xurídicas e as entidades sen personalidade xurídica, que sexan titulares de animais que se sacrifiquen ou morran por resultar reaccionantes as probas diagnósticas de perineumonía contaxiosa bovina, tuberculosis, brucelosis, leucosis e lingua azul en gando vacuno, ovino e caprino, ou por haber convivido con animais enfermos e que sexan considerados sospeitosos polos veterinarios actuantes.
- De animais e os seus produtos de calquer especie, sacrificados/mortos e/o destruídos por motivos de sospeita e/ou confirmación da presenza dalgunhas das encefalopatías esponxiformes transmisibles.
- De aves reproductoras o ponedoras da especie Gallus gallus e reproductoras da especie Meleagris gallopavo, sacrificadas por orden da autoridade competente dentro dos programas nacionais de control de Salmonella.
- De aves sacrificadas/mortas con motivo da declaración oficial dun foco de influenza aviar, de enfermidade de Newcastle, ou de outra enfermidade das aves declarada oficialmente.
- De porcos sacrificados/mortos con motivo da declaración oficial dun foco de peste porcina clásica ou de peste porcina africana, ou de outras enfermidades porcinas declaradas oficialmente ou durante o desenvolvemento de medidas, probas ou controles ordenados pola autoridade competente.
- De visos americanos que se sacrifiquen por resolución da autoridade competente en materia de sanidade animal, ou morran, afectados por enfermidades sometidas a actuacións ou programas sanitarios oficiais.
- De animais que morran como consecuencia directa de actuación, tratamentos e manipulacións preventivas ou con fins de diagnóstico e, en xeral, de animais que morran no contexto de medidas de execución de actuacións sanitarias oficiais impostas pola autoridade competente.
- Os demais supostos recollidos na Lei 8/2003, de 24 de abril, de sanidade animal e na normativa estatal e da Unión Europea de desenvolvemento dos programas e das actuacións sanitarias oficiais impostas pola autoridade competente.

#### **Requisitos**

- 1- Cumplirán e lles será de aplicación os contados da normativa en vigor, citada a continuación , que afecten directamente ao correcto desenvolvemento dos programas e



actuaciónsoficiais de vixancia, loita, control e erradicación de enfermidades dos animais: sobre sanidade animal, identificación animal, movemento pecuario, benestar e alimentación animal, e a propia dos programas nacionais de vixancia, loita, control e erradicación de enfermidades dos animais.

- 2- Terán a obrigaón de cumprir o contido do artigo 17 do Real decreto 2611/1996, de 20 de decembro, polo que se regulan os programas nacionais de erradicación de enfermidades dos animais e, polo tanto, non se encontrarán incursas en ninguna das circunstancias causantes da perda do dereito a indemnización previstas no artigo 17.2 do citado Real decreto.
- 3- As explotacións afectadas estarán correctamente rexistradas na Comunidade Autónoma de Galicia, en concreto, figurán inscritas e con todos os seus datos actualizados no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (Rega), establecido polo Real decreto 479/2004, de 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras, e no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (Reaga), regulado no Decreto 200/2012, de 4 de outubro
- 4- Será efectivo o sacrificio obrigatorio de todos os animais incluídos nas resolucións do sacrificio e/ou de vacio sanitario que fosen emitidas pola autoridade competente.

#### **Criterios para as contías das indemnizacións dos animais**

As contías das indemnizacións serán as que estén en vigor en cada momento, según os baremos específicos oficiais ( establecidos para as indemnizacións por sacrificio obrigatorio por motivos de sanidade animal), ou según os valores unitarios dos animais recollidos nos diferentes plans de seguros agrarios combinados ( a efecto do cálculo das súas cuantías de indemnización), aprobados polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA) e publicados no Boletín Oficial do Estado.

#### **Inicio do procedemento de concesión.**

O procedemento de concesión iniciarase coa presentación da solicitude de indemnización por parte da persoa interesada, e empregando o formulario que figura como anexo I de esta Orde ( Orde do 20 de decembro de 2024, DOG nº 9 de 15/01/2025) (código de procedemento MR553C).

#### **Prazo de presentación ata o 28 de novembro de 2025.**

**Para máis información ou para a tramitación das axudas poden pasar polas oficinas do Concello, de luns a venres de 9:00 a 15:00 horas, ou chamar ao teléfono 988451293.**

A Bola a 30 de xaneiro de 2025

A ALCALDESA